


Novoneyra, a nenez e o manuscrito de 'Os Eidos'

'Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas 2010', imprescindible

MAR FERNÁNDEZ VÁZQUEZ USC/CIRP

Son contadas as ocasións de poder acceder a un manuscrito autógrafo e observar nel a caligrafía, vacilacións e mudanzas no proceso creativo dun autor e menos aínda que tamén se ofrezca un estudo da súa obra infantil. Por iso recoméndase a lectura da monografía colectiva *Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas 2010*, realizada polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago ao coidado de Anxo Tarrío.

Nela reproducécese o facsímile do manuscrito autógrafo do poemario *Os Eidos* (1952-1954) e ofrécense achegas á figura de Uxío Novoneyra (Eugenio Novo Neira, Parada de Moreda-Lugo, 1930-Santiago de Compostela, 1999) e á súa obra literaria, como explica Tarrío na "Introdución", onde ademais comenta o feito de ser o escritor elixido para galardoar no Día das Letras Galegas 2010 e a historia do manuscrito autógrafo.



Cuberta do monográfico sobre Uxío Novoneyra

Xesús Alonso Montero lembra a súa amizade co poeta courelán e analiza as anotacións presentes no exemplar dedicado das *Elegías del Caurel y otros poemas* (1966). A presenza do sustrato da literatura popular recóllese no estudo de José Luís Forneiro, quen recupera os testemuños dos membros dun grupo do Seminario Menéndez Pidal dirixido por Jon Juaristi que visitaron en xullo de 1982 o Courel na procura de romances e onde casualmente coñeceron a Novoneyra.

María Xesús Nogueira Pereira observa *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago* (1999) coma unha peregrinaxe lingüística e xeográfica, na que o courelán selecciona elementos antropolóxicos, mitolóxicos e lendarios.

Carme Silva Domínguez realiza unha miúda descrición das variantes lingüísticas d'*Os Eidos* nas sucesivas edicións. Blanca -Ana Roig Rechou, en *Uxío Novoneyra: identidade e soños*, acolle unha breve contextualización do autor e analiza as súas narracións para a nenez.

Salienta que *No cubil do xabarín* (1991) se reflicte o amor pola terra tanto nos peritextos coma na narración que se presenta seguindo a forma propia das narracións de pandas e empregando unha prosa áxil e visual, chea de suspense e técnicas do cinema.

As mesmas técnicas reaparecen en *Gorgorín e Cabeazón* (1992), narración na que se retoma a figura do home do saco e predomina a xeografía do Courel, que serve tamén de marco xeográfico e identitario a *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín* (1998), na que se destaca a reescritura dos contos de fadas e de lendas coma a de Ildara e se indica que se tratou tamén en poemarios recollidos en *Do Courel a Compostela 1956-1986* (1986). Conclúe resaltando que Uxío Novoneyra dotou a prosa para a nenez de elementos que lle serviron para crear o imaxinario infantil, para a formación de hábito de lectura e concibiu a Serra do Courel como espazo no que se asenta o seu discurso literario.